

**A Asociación Cultural “Avelino Díaz” saúda a elección de Carlos Casares
como autor homenaxeado no Día das Letras 2017**

**A CANDIDATURA DE AVELINO DÍAZ SERÁ PRESENTADA
DE NOVO NO ANO 2018**

**O colectivo de Meira e Riotorto considera que a figura de Avelino
será tomada en consideración un ano ou outro**

Meira, 9 de xullo

Unha vez coñecida a noticia de que a Real Academia Galega tomou a decisión este sábado, 9 de xullo, de dedicar o Día das Letras do ano 2017 á figura de Carlos Casares, a Asociación Cultural “Avelino Díaz”, con sede en Riotorto e Meira, que leva desenvolvendo un demorado traballo de anos na recuperación e divulgación da obra do *Poeta de Meira*, saúda a decisión tomada pola Academia, toda vez que considera a figura de Carlos Casares, sen discusión, merecedora da homenaxe para a que foi elixida.

Desde o mesmo momento da súa constitución, foi sempre consciente a AC “Avelino Díaz” da dificultade que presentaba conseguir que a Academia se fixase na figura de Avelino, en realidade, ao primeiro intento, toda vez que o elenco de candidatos/as semella ser máis numeroso ano a ano, cada un/ha deles cos seus indiscutibles méritos.

Entende, non obstante, este colectivo que a elección de Avelino para un Ano das Letras será fundamental para o estudo da vida e da obra do poeta, toda vez que se trata dun escritor que desenvolveu toda a súa produción en América, sendo precisos moitos medios (medios que só podería facer realidade un Día das Letras) para poder reunir os seus 1.178 poemas referenciados, ademais da súa inmensa obra xornalística. Trátase, sen dúbida, dunha circunstancia especial que diferencia a candidatura de Avelino da doutros autores/as que publicaron na Terra a través de condutos editoriais máis comúns.

Manifestando, en definitiva, a súa decisión de presentar a candidatura de Avelino Díaz ao “Día das Letras-2018”, segundo aparece recollido xa na súa páxina web (www.avelinodiaz.gal), non pode deixar o colectivo meirego de chamar a atención sobre a necesidade de que a Academia sexa permeable ás iniciativas da sociedade civil, non tanto no que se refire á toma de decisións, senón sequera no que fai referencia á toma en consideración das propostas dos movementos de base. Pregúntase este colectivo que pode haber de negativo niso.

AC “Avelino Díaz”
www.avelinodiaz.gal